

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000012



**ACTA DA SESIÓN 12/2022 ORDINARIA
CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL
O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2022**

**Aprobada polo Pleno Municipal na sesión
ordinaria 01/2023 de data 30/01/2023**

Secretario

ORDE DO DÍA

1.- Acta da sesión anterior (28/11/2022). Aprobación.

2.- Cadro de persoal do concello de Carballo para o exercicio 2023. Aprobación inicial. (CIFECRIC de 20/12/2022)

3.- Presupostos xerais do concello de Carballo para 2023. Aprobación inicial. (CIFECRIC de 20/12/2022)

4.- Recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores. Expediente 4/2022. Aprobación. (CIFECRIC de 20/12/2022)

5.- Modificación Puntual n.º 7 do PXOM de Carballo. Aliñacións en Quintela e A Barreira. Aprobación provisional (CIPUM de 20/12/2022)

FOD.- Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Carballo para a execución e financiación das obras de melloras na estrada DP-1901 Carballo-Sísamo, FASE III e ulterior cesión das obras e da estrada ao concello de Carballo.

6.- Seguimento de órganos de goberno:

6.1.- Resolucións da Alcaldía

6.2.- Acordos da Xunta de Goberno Local

6.3.- Rogos e Preguntas

ACTA Nº 12/2022 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2022

Na Casa Consistorial o vinte e seis de decembro de dous mil vinte e dous (26/12/2022) sendo as vinte horas e trinta minutos (20:30 h.), reúnense os membros do Pleno, no salón de plenos do Concello de Carballo, en primeira convocatoria, para celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde EVENCIO FERRERO RODRIGUEZ, coa asistencia dos Concelleiros seguintes:

- Polo Grupo Político Municipal do BNG (ademais do Sr. Alcalde):
 - Milagros Lantes Seara
 - María Belén Lendoiro Esmorís
 - Juan Manuel Seoane Collazo
 - Marcos José Trigo Facal
 - Xosé Regueira Varela
 - María del Carmen Ures García
 - Maruxa Suárez Cotelo
 - M^a Mar Eirís Villar
 - Iván Andrade Tasende
 - Miguel Ángel Vales Mallo
 - Luis María Lamas Álvarez
- Polo Grupo Político Municipal do PP:
 - Rubén Lorenzo Gómez
 - Paula Nogueira Costa
 - María Beatriz Neira Varela
 - José Antonio Domínguez Pallas
- Polo Grupo Político Municipal do PSdG-PSOE:
 - María Carmen Vila Blanco
 - Valentín Costa Trillo
 - César Fernando Varela Novo
- Polo Grupo Político Municipal de TEGA:
 - José Bello Pallas
 - Andrés Eirís Barca

Asiste pola Intervención a Interventora municipal, Irache Enriquez Albaina, e o Secretario do concello Miguel Piñeiro Souto, que actúa como secretario e dá fe do acto.

Declarada aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (28/11/2022). APROBACIÓN.

O Pleno municipal, con dezanove (**19**) votos a favor, dos representantes presentes do grupo municipal do BNG, (12) Evencio Ferrero Rodríguez, María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^a Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez, do grupo municipal do PP (4) José Antonio Domínguez Pallas, Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela e do grupo municipal do PSdG-PSOE (2) María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e dúas (**2**) abstencións, dos representantes do grupo municipal de TEGA, José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda aprobar a acta da sesión celebrada o día 28 de novembro de 2022, que foi repartida coa convocatoria.

Andrés Eirís Barca, voceiro de TEGA, insiste en mellorar e introducir a videoacta.

2.- CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE CARBALLO PARA O EXERCICIO 2023. APROBACIÓN INICIAL. (CIFECRIC DE 20/12/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 20/12/2022, FOD.1., relativo á proposta da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime Interior do 16/12/2022, contida no expediente 2022/E004/000001.

Andrés Eirís Barca, voceiro de TEGA indica que se van abster por ser a proposta do goberno cos traballadores

María del Carmen Vila Blanco, voceira do PSOE indica que votarán a favor

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal, con quince (**15**) votos a favor, dos representantes do grupo municipal do BNG (12) Evencio Ferrero Rodríguez, María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^a Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez e polo grupo municipal do PSdG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e seis (**6**) abstencións dos representantes do grupo municipal do PP (4), José Antonio Domínguez Pallas, Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela e do grupo municipal de TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Cadro de persoal do Concello de Carballo para 2023, que se achega como Anexo a esta Resolución.

Segundo.- Ordenar a exposición pública do acordo adoptado polo prazo de quince (15) días hábiles, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello de Carballo a efectos de que as persoas interesadas poidan realizar as reclamacións que consideren oportunas. No suposto de non se tiveran presentado reclamacións, terá a consideración de definitivo sen necesidade de novo acordo plenario.

Cadro de persoal do Concello de Carballo para o ano 2023.

I. FUNCIONARIOS	Grupo	Nivel	N.º prazas	Vacantes
1.1. ESCALA HABILITACIÓN NACIONAL				
- Subescala de secretaría, Categoría superior	A1	30	1	1
- Subescala de intervención-Tesourería, categoría superior	A1	30	1	
- Subescala de intervención-Tesourería, categoría superior	A1	30	1	
- Subescala de intervención-Tesourería, categoría entrada	A1	28	1	
1.2. ESCALA ADMÓN. XERAL				
- SUBESCALA TÉCNICA				
TAX, Secretaría	A1	26	1	
TAX, Intervención	A1	26	1	
TAX, Secretaría	A1	26	1	
Técnico medio, Secretaria	A2	24	1	
- SUBESCALA ADMINISTRATIVA				
Administrativo	C1	20	5	1
Administrativo	C1	16	15	3
- SUBESCALA AUXILIAR				
Auxiliares	C1	14	9	7

- SUBESCALA SUBALTERNOS				
Subalternos	AP	12	6	3
1.3. ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
- SUBESCALA TÉCNICA				
TÉCNICOS SUPERIORES				
Arquitecto	A1	28	1	
Arquitecto	A1	26	1	1
Técnico de xestión tributaria	A1	26	1	
Técnico de urbanismo	A1	26	1	1
Enxeñeiro	A1	26	1	1
Técnico de deportes	A1	24	1	1
Técnico de deportes: Coordinador de instalacións deportivas	A1	24	1	1
Axente de desenvolvemento local	A1	24	1	1
Técnico educador familiar	A1	24	1	1
Técnico Normalización lingüística	A1	22	1	
TÉCNICOS MEDIOS				
Enxeñeiro técnico industrial	A2	24	1	
Arquitecto Técnico	A2	24	2	1
Traballador social	A2	24	1	
Traballador social	A2	22	1	1
Traballador social	A2	20	5	5
Técnico servizos económicos	A2	24	1	
Técnico informática - xefe servizo	A2	24	1	1
Técnico aperturas OTM	A2	22	1	1
Arquitecto Técnico/ Enxeñeiro técnico	A2	22	1	
Arquiveiro	A2	22	1	1
Animador cultural - Xefe servizo	A2	22	1	1
Técnico Educador familiar	A2	20	1	1
Técnico orientación laboral	A2	20	2	2
Técnico información e turismo	A2	20	1	1
TÉCNICOS AUXILIARES				
Técnico informática	B/C1	18	1	
Delíñante	B	18	1	1
Técnico patrimonio	C1	20	1	1
Auxiliar vixiante de obras	C2	14	1	
Axente de xestión e inspección de tributos	C1	16	3	3
Axente inspector de obras	C1	16	1	1
SUBESCALA SERVICIOS ESPECIAIS				
POLICÍA LOCAL				
Inspector principal	A2	24	1	1
Inspector	A2	22	1	1
Oficiais	C1	18	5	1
Policías	C1	16	27	3
PERSONAL DE OFICIOS				
Encargado	C2	16	1	1
Operarios	AP	12	3	2
Oficial de obras	C2	14	13	6
Oficial tractorista	C2	14	3	3
COMETIDOS ESPECIAIS				
Animador cultural	B/C1	18	1	
Monitor cultural	C2	14	5	3
Director centro de formación	A1	26	1	1
Xestor centro formación	A2	24	1	
Encar. Prot. Civil, Medio Ambiente e Obras Rurais	C1	18	1	1
Oficial de Emerxencias	C1	14	3	3
Auxiliar de Biblioteca	C2	14	1	1
FUNCIONARIOS	TOTAL		148	71

*

II. PERSOAL LABORAL	Categoría/Grupo	Nivel	N.º prazas	Vacantes laboral fixo
PROTECCIÓN CIVIL				
Oficial protección civil	Grupo IV	14	3	3
SERVIZOS SOCIAIS				
Traballador Social	A2	22	1	
Traballador Social	A2	20	5	
Técnico Educador familiar	A2	20	1	
Auxiliares de axuda no fogar	Grupo IV	14	14	12
UCA				
Médico	Grupo I		1	1
Psicólogo/a UCA	Grupo I		1	1
Traballador social UCA	Grupo I		1	1
Graduado enfermería UCA	Grupo I		1	1
Auxiliar administrativo	C2		1	
DEPORTES				
Auxiliar administrativo	C2	14	1	
Técnico de Deportes	A1	24	1	
Coordinador actividades acuáticas	Grupo IV	18	1	1
Monitor-socorrista	Grupo IV	16	11	11
Coordinador instalacións deportivas	A1	24	1	
Ordenanza-conserxe instalacións deportivas	Grupo V	12	5	5
Oficial mantemento instalacións deportivas	Grupo IV	14	4	4
CULTURA				
Monitor cultural	C2	14	3	
Ordenanza-conserxe Cultura	Grupo V	12	2	2
URBANISMO				
Arquitecto/a	A1	26	1	
Técnico aperturas	A2	22	1	
Delirante	B	18	1	
PROMOCIÓN ECONÓMICA E TURISMO				
Axente de desenvolvemento local	A1	24	1	
Técnico información e turismo	A2	20	1	
Técnico comunicación	Grupo 1		1	1
FORMACIÓN E EMPREGO				
Técnico Orientador laboral	A2	20	2	
OBRAS E SERVIZOS				
Oficial tractorista	C2	14	2	
Oficial mantemento colexios	C2	14	1	
SECRETARIA				
Técnico patrimonio	C1		1	
	TOTAL		69	43

*

III. OUTRO PERSOAL DE DURACIÓN DETERMINADA	Categoría	N.º prazas	Vacantes laboral fixo T.P.
Profesores conservatorio (contratación a tempo parcial)	Grupo I	15	11
Auxiliares policía (6 meses)	A2	8	
Socorristas		32	
Auxiliar de protección civil (6 meses)		1	
	TOTAL	56	11

*

IV. OUTRO PERSOAL (EVENTUAL DE GABINETE)	N.º prazas
Secretario Alcaldía	1
Técnico asesor medio ambiente	1

Responsable comunicación	1
TOTAL PERSOAL GABINETE	3

3.- PRESUPOSTOS XERAIS DO CONCELLO DE CARBALLO PARA 2023. APROBACIÓN INICIAL. (CIFECRIC DE 20/12/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 20/12/2022, punto 2 da orde do día, en relación á proposta do alcalde de 15/12/2022, contida no expediente 2022/T004/000001

María Belén Lendoiro Esmorís, concelleira delegada de Facenda sinala que as contas de Carballo supoñen unha volta a normalidade tras a COVID. Uns orzamentos que ascenden a 30,235 millóns o que supón medra un 8,33%, aínda que está marcado pola inflación.

Sinala que os números reforzan a liña política do goberno: prestación de servizos de calidade, aumento do gasto social e dos investimentos, o que sitúa Carballo como referente e todo iso sen incrementar a presión fiscal, xa que non se tocan nin impostos nin taxas. Matiza que as cifras manteñen a evolución dos últimos anos e son unha previsión prudente e realista axustada á liquidación. Destaca a fiscalidade do Concello, das máis baixas da contorna e da conta do convenio coa Deputación pola estrada de Sísamo cun importante investimento.

De seguido desenrolo os capítulos relativos aos ingresos, cuns impostos directos apenas sufren variacións dando conta dos porcentaxes de incremento. Asimesmo da conta dos relativos as taxas e prezos públicos que incrementanse nun 7% polas altas en augas e abastecemento, altas de usuarios en instalacións deportivas ou ampliacións de nichos no cemiterio.

En canto aos gastos destaca o incremento pola visión de medrar como cabeceira de comarca, desgranando os distintos capítulos: incremento no I polas previsión da lei de orzamentos e o reforzo das prazas de policía local, no capítulo II pola ampliación de servizos como lixo, cemiterio, limpeza de praias, mercado municipal...en definitiva mellora nos servizos. Posteriormente da conta do incremento en áreas de promoción económica e turismo, cultura, bibliotecas, deportes...ou a área de dinamización sociocultural o que fai de Carballo un lugar para vivir. Tamén matiza que foron incrementadas as subvencións a entidades culturais e deportivas ao comercio local ou festas, ata dous millóns un 10%.

En canto as inversións sinala que continúa a liña inversora destacando o proxecto da travesía de Sísamo, a urbanización do entorno do centro de saúde, humanización do caso urban...abastecemento a entrecruces, centro social de Seoane ou adquisición de terreos por 150.000€

En definitiva unha estrutura de orzamentos estable en ingresos ao non subir nin impostos nin taxas, cunha capacidade inversora importante e sen necesidade de recurrir a prestamos.

Andrés Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, dá lectura a intervención, literamente sinala o seguinte:

“Vamos a manter o sentido de voto dado na comisión e votamos en contra destes Orzamentos, son continuistas, coma ben di a Sra Concelleira de Facenda, e sen ambición, vese claramente a un goberno esgotado e con desidia, con falta de ideas e de gañas de traballar por Carballo, amigo do superfluo e enemigo do necesario, é o mesmo que destes últimos anos.

Vendo o estado de liquidación do 2021 por programas, que é o último exercicio pechado, comprobamos o pouco realistas dos orzamentos, así en Servizos Públicos Básicos hai un remanente de algo máis de 6.900.000,00 € en Actuacións de Protección e

Promoción Social hai aproximadamente 1.700.00,00 € de remanente, en Produción de Bens Públicos de Carácter Preferente outro remanente cercano aos 3 millóns de €, concretamente 2.956.097,63 €, en Actuacións de Carácter Económico, 419.534,11 € e no Programa de Actuacións de carácter xeral, 874.192,82 € de remanente que fai un total de 12.904.582,44 €. Isto o que demostra é unha pésima xestión, pois o mínimo que se lle pide a un grupo de goberno e que os gastos e ingresos estén o máis igualados posible, o remanente é sintoma de mala xestión. Isto non é unha foto, o ano pasado foi moi parecido e neste 2022 ata o 30 de setembro hai 19.269.806,93 € de remanente.

Seguimos sendo un Concello de Anuncios e non de Feitos, no orzamento do 2021 a previsión de gasto en publicidade e propaganda era de 39.000,00 € e o realmente executado foron 112.941,65 €, un 289,6 % máis do que figuraba no orzamento, estamos falando de case o triple.

Chama poderosamente a atención a recaudación das sancións de tráfico no 2021 tiñase unha previsión de 285.000,00 € e finalmente foron 508.074,27 €, un 78,27 % máis do previsto, para este ano 2023 prevese un incremento ata os 340.000,00 €, seguramente esta vez se cumpra pois hai eleccións para o 2023 e faran que o saqueo nas multas aos carballeses sexa algo menor para non alporizar tanto ao persoal.

Pese o incremento do orzamento do 2023 nun 8,53 % baixan os gastos en servizos sociais, deporte, educación e medio ambiente.

Como nos últimos anos Carballo Non Avanza, segue sen ter inversións plurianuais, e a inversión con fondos propios minora, pasamos de 3.021,422,46 € do ano 2022 a 2.889.755,62 €, é dicir ,131.666,84 € menos ca o ano anterior.

Analizamos agora o Estado de Gastos por capítulos, así no

CAP. I. GASTOS DE PERSOAL

Aumenta un 5,91 % respecto ao 2022, está xustificando polo incremento do 2,5% das retribucións da totalidade do persoal municipal respecto as retribucións vixentes a 31 de decembro de 2021 e o 1,5 % para compensar os efectos da inflación

Queremos facer mención ao toque de atención que lle da intervención ao grupo de goberno no seu informe pola gran temporalidade do persoal municipal e que é unha situación que debería regularizarse co proceso de estabilización iniciado este ano 2022. Onde as bases son moi mellorables e desde logo denunciabes

Segue sendo escandaloso as gratificacións da policía local en especial a do xefe accidental de policía, que en menos de 4 meses xa supera o límite máximo anual das 80 horas. De unha vez por todas Carballo debería ter un Inspector Principal, a situación de inseguridade que estamos a pasar nos últimos tempos ven o vale.

Valoramos que se cren 2 novas prazas de policía local non vemos a supresión de 2 auxiliares, pois as funcións dos auxiliares son distintas dos policías, algo que en Carballo non saben.

CAP. II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

Os créditos do cap. II aumentan en 6,26% con respecto ao 2022, xustificando o Sr Alcalde na súa memoria que este incremento ven pola modificación de contratos de servizos vixentes e os novos contratos que se licitarán ao largo do ano. Incrementábase o servizo de limpeza de vías públicas, mantemento e conservación de zonas verdes, limpeza de praias, xestión da biblioteca Rego da Balsa, servizo de mantemento e vixilancia do cemiterio, servizo de retirada de vehículos, xestión do mercado municipal e o da Milagrosa, recollida de lixo e a actualización das novas altas no ciclo integral da auga.

Existe unha previsión de gasto de 270.000 € de servizos técnicos e dirección de obra en urbanismo cando moitas das obras que se van executar para o 2023 xa foron incluídas nos presupostos dos 2 últimos anos e que aínda están en execución, en período de licitación ou sen licitar (mellora da capa de rodadura das Labradas ao lugar da Ponte, Ampliación cemiterio municipal Fase I e II, co suministro e colocación da pedra por 246.215,40 €, reforma pazo da Cultura, iluminación campo de fútbol das Eiroas...)

Tamén está unha partida para arrendamento de maquinaria das instalacións deportivas, levamos varios anos pagando por máquinas velhas pois xa finalizou o contrato de arrendamento e non se da licitado outro, onde polos mesmos cartos teríamos máquinas novas e con conectividade.

CAP. III. GASTOS FINANCIEROS

Pasamos dos 60.945,42 € a 10.501,00 €, coma consecuencia da retirada das obrigas impostas polas entidades financeiras de aplicar unha porcentaxe sobre os depósitos existentes.

CAP. IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

Este capítulo aumenta un 10,40 % 189.250,00 € onde o grupo de goberno segue olvidándose dos empresarios, comerciantes e autónomos que veñen de pasar a crise do covid, están inmersos agora na dos suministros e coa inflación polas nubes.

As liñas de subvención para o fomento do deporte en concurrencia competitiva non teñen variación en cambio aumenta en 100.000,00 € as nominativas, o obxectivo debería ser minorar as segundas en relación coas primeiras, facendo este grupo de goberno o revés. Seguimos sen regular o deporte, algo imprescindible para cumprir os obxectivos do deporte (valores...)

É imprescindible elaborar un plan estratéxico de subvencións (PES) no que se deberá concretar os obxectivos e efectos pretendidos, prazo para a súa consecución, custes previsibles, fontes de financiación...

Segue a discriminación deste goberno cos barrios e parroquias, en relación a subvención das festas. 125.000, 00 € para as festas de San Xoan, 35.000,00 € para o resto.

CAP. V FONDO DE CONTINXENCIA.

Nada que decir, nesta capítulo, parécenos correcto dotar con 20.000,00 € o fondo de continxencia, o mesmo que o ano pasado

CAP. VI. INVESTIMENTOS

O igual que o ano pasado botamos en falta maior concreción nas partidas destinadas a investimentos.

O informe de intervención volve a poñer o seguinte: **“Tamén se inclúen neste capítulo partidas para investimentos xenéricos que, non en todos os casos, se concretan en proxectos detallados no Anexo de Investimentos.”**

Reiteramos que non hai inversión plurianual e consígnase crédito para inversión que foron aprobadas no 2021 e financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais que non están totalmente rematadas e certificadas e cuxo remanente de crédito xa non é posible incorporar no 2023, por terse incorporado unha 1ª vez. non é real a inversión do 16,37 % do orzamento.

Dos 4.950.362,31 € de inversión para 2023, 2.060.606,48 € son transferencias de capital da Xunta e da Deputación

Para Tega seguen faltando inversións prioritarias coma, a ampliación da Vila de Negreira para solucionar entre outras cousas o caos circulatorio do Choris, moito criticar ao PP pola circunvalación e o BNG segue sen facer os seus deberes.

A xestión urbanística deste goberno é nefasta vinte anos case gobernando e aínda non están os terreos dispoñibles para a travesía de Sísamo, para a ampliación do Centro de Saúde, travesía Pedra do Sal...coma di o refrán “Á noite colle a vella a roca”, ¿Cantos polígonos do 1º cuatrienio están sen desenvolver?

150.000,00 € en terreos para a cidade da Lagoa é un comezo pero insuficientes para facer realidade o proxecto e darlle o pulo que este Punto Deporte necesita.

Por fin van 150.000,00 € para a demolición das casas dos Mestres, Tega foi o único que o levaba no programa no ano 2019

Outro punto aparte neste capítulo meréce a falta de concurrencia nos concursos de obras (4 licitacións que quedaron desertas, obras11/2022 Acondicionamento de aparcamento e sinalización no Polígono Industrial de Bértoa, obras09/2022 Construcción centro social de Xoane. 1ª Fase -2 veces-, obras17/2022 Mellora da accesibilidade peonil no entorno do barrio das Flores e na rúa Perú, obras19/2022 Acondicionamiento del entorno de la iglesia de San Martiño en el núcleo de Cances da Vila, ademais de 2 renuncias a reforma do Pazo da Cultura pola empresa Desarrolla e a renuncia parcial de Vázquez e Reino pola partida da pedra do cemiterio) que o goberno achaca as subidas de prezos dos materiais e falta de man de obra e nós achacamos á confección dos pregos e a subxectividade das valoracións que sempre se inclinan para os mesmos e fai que empresas incluso da zona non lle merece a pena vir a Carballo...

O retraso nas obras do cemiterio é outro claro exemplo de xestión deste grupo de goberno, agora volve a licitarse o suministro e colocación da pedra de cantería nos panteóns e nichos por un importe de 246.215,59 € nada que ver co proxecto anterior que tiña unha partida para o mesmo fin de 133.793,98 € e agora ademais fai a memoria o técnico que xa fixera as ampliación

anteriores e non unha empresa de Castilla- La Mancha que nada sabía do cemiterio de Carballo, coma nós lle fixemos saber a este pleno na pregunta do pasado mes de outubro. (a Sra. Concelleira de Contratación respondeu no pleno a pregunta de Tega de que non coñecía ao proxectista, o carballedés, Fernando Añón das dúas anteriores ampliacións do cemiterio, menos mal que lle dixó Tega quen era e por iso agora o contrataron para rematar a Fase I do cemiterio)

Pos + 2023 irá para o abastecemento de auga desde a Canosa ata Entrecruces. 632.306,75 €. 39.252,86 € a maiores destinar a para gasto corrente. Pos+ adicional para gastos sociais extraordinarios en torno aos 195.000, 00 €

Seguenos sorprendendo que o grupo de goberno quite peito dicindo que somos un Concello inversor, moito máis inversor que concellos de máis poboación e orzamento (Orense é un deles que sempre nombra o Sr Alcalde) O mellor invertimos máis que algún Concello de máis presuposto e de mais habitantes por que eses concellos teñen máis servizos e teñen que destinar máis cartos ao capítulo II...

Para Tega o Bng leva uns cuantos anos en “Barbecho”

Os capítulos VII, VIII e IX non hai nada reseñable que destacar

ESTADO DE INGRESOS

No cap I “Impostos directos” non varían practicamente o igual son os mesmos co ano pasado, que descenderan en relación ao 2021 que dixeramos que eran moi optimistas.

En relación ao IBI de características especiais que suma 209.662,26 € propoñemos que sirva para reducir a peaxe Carballo-Laracha e así abaratar a viaxe dos carballese e carballezas que se desplazan a Laracha-Arteixo-Coruña, principalmente a traballar.

Decir tamén que se deixan de recaudar en torno a 281.219,35 € pola política de aparcamentos en fincas privadas, ademais dos cartos para o seu acondicionamento. (186.149,04 €, pode ser esta cifra, en vez dos 281 mil)

No cap II “Impostos indirectos” aumenta un 4,17%, parécenos unha subida axustada á realidade.

No cap III “Taxas, prezos públicos e outros ingresos” aumenta a previsión nun 7,68 % débese principalmente o cemiterio e os postos do mercado. O ano pasado puxemos “Vendo coma vai a execución das obras de ampliación do cemiterio tamén nos parece moi optimista que esa venda de nichos e columbarios sexa efectiva neste 2022” pois este ano e vista a experiencia deste ano máis do mesmo. No estado de liquidación do 2022 ao 3º trimestre hai 1.019.226,63 € sen cobrar.

En canto o cap. IV.”Transferencias correntes”, aumentan nun 6,84 % que veñen sendo 772.552,44 € en comparación ao 2022, Estado, Xunta e Deputación en diferentes porcentaxes aumentan as cuantías

Os demais capítulos non hai nada reseñable que non esté no informe de intervención e no informe económico financeiro sobre ingresos e gastos da Concelleira de Facenda

Merece un punto a parte que xa se comentou na introducción da intervención sobre as multas de tráfico, esta partida a previsión sempre se realiza a baixa, no 2021 recaudouse 508.074,27 € e consignárase unha previsión inicial de 285.000,00 €. Neste 2023 vai unha previsión inicial de 340.000,00 €, seguramente en ano electoral ingrésese menos por esta partida”.

Rubén Lorenzo Gómez, voceiro do PP, sinala que un ano máis o tempo que se lle dá para analizar os orzamentos á oposición é mellorable...máis as datas nas que se presentan estes incumpren os prazos la lei de facendas locais. Afirmo que é unha folla de ruta do proxecto de futuro de Carballo: reflexa a falta de estratexia do goberno, é un síntoma de proxecto caduco, falta de liña estratéxica e, conclúe, é causa de que se sigan a perder oportunidades a pesar de ser cabeceira de comarca. Engade que nin a crise dos prezos nin anteriormente a do covid fixeron reaccionar ao goberno e cita :“ el único hombre que no se equivoca es el que no hace nada” ao que apostilla que o único importante é manterse no poder. De seguido critica que non se executen partidas e o desfase entre o que se aproba e o que se executa, así como a externalización, sinala, dos servizos á vista do gasto nos capítulos I e II. Tamén lle chama a atención a recadación que non se asemella á inicialmente prevista por exemplo cemiterio, licencias , postos e barracas...das que da conta que se recadaron 600.000€ menos dos previstos.. para continuar preguntando por que non se afronta unha baixada

dos impostos ou por que se sube o dobre as taxas de recadación na hostelería...ou se é unha suba encuberta tras a baixada na época de covid.

Posteriormente realiza unha análise da execución dos últimos orzamentos para concluír que se deixou sen executar unha importante porcentaxe e concluír que estamos ante pésimos xestores cando é evidente o mal estado de moitas rúas ou en parroquias, algo que se repite ano tras ano. Por outra banda critica o afán recadatorio das sancións de tráfico e da conta que no anterior exercicio dos 40000 previstos recadáronse 50000€, mais no presente dos 325000 previstos recadáronse 225000€ e pregunta se se levantou o pé a hora de sancionar..ou igual é casualidade, afirma..ou estase preocupado polo resultado do 23 de maio. A seguir critica o estado de parques e xardíns o que califica como lamentable e da conta de que se deixaron de executar 40000€ nas festas das parroquias. Asimemos sinala que é insuficiente a cuantía destinada a adquisición de terreos de 150000€ e critica a situación en canto a expropiacións como Vila de Negreira, Perú, etc. Finalmente censura as condicións das instalacións deportivas e bota en falta unhas inversións plurianuais polo que, conclúe, non poden apoiar estes orzamentos.

O sr alcalde recoméndalle ao sr Lorenzo que se achegue algunha vez polo Concello, pregunte aos servizos económicos e non diría as barbaridades que dixo...matiza que os ingresos por sancións de tráfico son por un ingreso da Deputación e será esta a que aclare cal é o concepto...en canto as terrazas de hostelería, non hai variación algunha..por outra parte sinala que no IBI por exemplo non se pode baixar máis pois está no mínimo e o imposto de vehículos practicamente o máis baixo da Costa da Morte. Engade que o orzamento é un documento vivo, non unha fotografía e insiste en que se falara cos servizos económicos non caería nun elevado número de error conceptuais.

Xosé Regueira Varela, voceiro do BNG, afirma que son orzamentos continuistas co proxecto iniciado no 2003 e teñen a intención de continualo, criticados ano tras ano, pero cada catro anos suben e o PP baixa en concelleiros...critica que un concelleiro que ten as traballadoras do consorcio nas rúas fale de externalización...cando o PP ten pendente o hospital a circunvalación etc. Engade que a el téñenlle dado os orzamentos o día do pleno e non con 15 días de antelación e ademais cunha comisión extraordinaria cun período máis amplo do que prevé a lei..e aínda así hai queixas...Sinala que non se poden inventar cifras nin acusar: da conta que as taxas de hostelería son inferiores aos concellos da contorna e que se lle chegaron a acusar de que saqueaban coas multas por un lado e que había que pagar por aparcar, é dicir dunha cousa e da contraria ao mesmo tempo. Afirma que son orzamentos continuistas, que teñen un concello saneado con actividades culturais, ocio, cun compromiso social altísimo do que está orgulloso e que será a sociedade quen o evalúe.

Andrés Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA lamenta que ao seu grupo non se lle replicase nada, centrándose no PP...resalta que non son uns orzamentos ambiciosos.

María del Carmen Vila Blanco, voceira do PSOE, sinala que tampouco se referiu ao seu grupo...destaca a dinamización, inversión, ambición e esforzo para liquidar os orzamentos.

Rubén Lorenzo Gómez, voceiro do PP, mostra a súa sorpresa porque o grupo de goberno se centre nun so voceiro...en tentar desacreditalo, no so hoxe..sinala que no o van atopar, que non ven a discutir, senón a ofrecer un proxecto mellor...conclúe que está identificado cal é o rival do goberno claramente. Engade que o sr Regueira nada dixo do mal estado das rúas, nin da falta de execución do orzamento, porque non lle interesa, solo fala da circunvalación e pregunta de que falará cando

esté feita esta así como a ampliación do polígono...De seguido reitérase nos argumentos esgrimidos na anterior intervención.

O sr alcalde insiste en invitar ao sr Lorenzo a acudir aos servizos económicos do Concello así por exemplo, en canto as festas podería ver que a día de hoxe non están recoñecidas todas as subvencións, por estar pendentes de informes de cultura...se fose, aclararíaselle. Finalmente sinala que algún día verán a ampliación do polígono e a circunvalación...mais porque hai outro goberno na Xunta.

Xosé Regueira Varela, voceiro do BNG, valora o esforzo do sr Eirís en preparar os plenos, polemiza con el, non comparte o seu modelo de xestión, pero prepara os plenos e expón de xeito didáctico, e a sra Vila coa que comparte algunha cousa máis, que di que o goberno é continuista..ogallá o siga sendo catro anos máis...pero o sr Lorenzo que acusa de mentir ata en catro ocasións... respondelle que ten pouca ou ningunha humildade.

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal con doce **(12)** votos a favor, dos representantes do grupo municipal do BNG (12), Evencio Ferrero Rodríguez, María Belén Lendoiro Esmoris, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^a Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; seis **(6)** votos en contra, dos representantes do grupo municipal do PP (4), José Antonio Domínguez Pallas, Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela e do grupo municipal de TEGA (2) José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, e tres **(3)** abstencións, dos representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE (3) María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Carballo para o exercicio 2023, co seguinte resume por capítulos:

CAPÍTULO INGRESOS	TOTAL	CAPÍTULO GASTOS	TOTAL
OPERACIÓNS CORRENTES		OPERACIÓNS CORRENTES	
1 IMPOSTOS DIRECTOS	8.163.162,26	1 GASTOS DE PERSOAL	9.291.173,14
2 IMPOSTOS INDIRECTOS	375.000,00	2 GTOS. BENS CTES. E SERV.	13.894.993,63
3 TAXAS E OUTROS INGRESOS	7.466.555,00	3 GASTOS FINANCIEROS	10.501,00
4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	12.059.285,13	4 TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.008.950,00
5 INGRESOS PATRIMONIAIS	51.371,00	5. FONDO DE CONTINXENCIA	20.000,00
Total Operacións Correntes	28.115.373,39	Total Operacións Correntes	25.225.617,77
OPERACIÓNS DE CAPITAL		OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6 ALLEAMEN. INVESTIMENTOS REAIS	0,00	6 INVESTIMENTOS REAIS	4.950.362,07
7 TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	2.060.606,45	7 TRANFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
Total Operacións Capital	2.060.606,45	Total Operacións Capital	4.950.362,07
OPERACIÓNS FINANCIERAS		OPERACIÓNS FINANCIERAS	
8 ACTIVOS FINANCIEROS	60.000,00	8 ACTIVOS FINANCIEROS	60.000,00
9 PASIVOS FINANCIEROS	0,00	9 PASIVOS FINANCIEROS	0,00
Total Operacións Financeiras	60.000,00	Total Operacións Financeiras	60.000,00
TOTAL INGRESOS	30.235.979,84	TOTAL GASTOS	30.235.979,84

Segundo.- Aprobar inicialmente as bases de execución do Orzamento para 2023.

Terceiro.- O expediente exporase ao público na Intervención desta Entidade Local polo prazo de quince (15) días hábiles, contados dende o seguinte ao de inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, co fin de que os interesados poidan realizar as reclamacións que estimen oportunas.

Se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións ao orzamento para o exercicio 2023, entenderase definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril e art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

4.- RECOÑECIMENTO DE OBRIGAS DE EJERCICIOS ANTERIORES. EXPEDIENTE 4/2022. APROBACIÓN. (CIFECRIC DE 20/12/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 20/12/2022, punto 3 da orde do día, en relación á proposta do alcalde de 15/12/2022, contida no expediente 2022/T003/000053.

Dáse lectura é transcríbese a emenda presentada para incluír dúas facturas na relación que se propón para aprobar :

De acordo ao disposto no art. 97.5 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentase a seguinte **emenda** de modificación do dictame emitido Comisión Informativa de Asuntos Comprendidos na Orde do Día do Pleno, en sesión Ordinaria celebrada día 20 de decembro de 2022, sobre a aprobación do expediente número 04/2021 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ó orzamento de 2022 por importe de 16.263,67 euros no seguinte aspecto:

Vistas as factura con nº de rexistro de entrada F/2022/5138 e F/2022/5227 emitida polo mesmo terceiro, e pola prestación do mesmo servizo, que as facturas 2022/2598, 2022/5141 e 2022/5142, que se relacionan na proposta de aprobación do expediente. Visto que existe crédito suficiente no orzamento municipal para a súa aprobación (RC nº 220220015345 e 220220015485) e que este gasto é analizado no apartado cuarto do informe de intervención do expediente. A vista do anterior,

Propónse:

Incluír no expediente de número 04/2022 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ó orzamento de 2022 as factura F/2022/5138 e F/2022/5227 por importe de 3.630,00 e 1512,61 respectivamente, o que supón un importe total do expediente de 21.406,28 euros co seguinte detalle:

Nº de Factura	Nº de Entrada	Data Factura	Importe Total	Sit	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
JM21/595	F/2022/2482	31/05/2021	21,83	CO	B15588130	JOSE MANUEL PEDROUZO S.L.	OBRA LOCAL SOCIAL CANCES SACO MORTERO 25 KG Y SCO COLA 25 KG ALB JMA21-1179 DEL 19/05 Y 1203 21/05
A 177	F/2022/2598	31/05/2022	1511,29	CO	B70178843	ANDAMIOS RENEYMAR, S.L.	VALLAS EXTERIORES (CAMPO FUTBOL AS EIROAS PARTIDO COPA DO REI RAYO VALLECANO)
00 22110007	F/2022/4724	07/11/2022	7924,98	CO	B15072713	CONSTRUCCION ES LOPEZ CAO S.L.	CENTRO SOCIAL ARDANA / FACTURA U.F. DEL 02/12/2017 AL 02/01/2018 / FACTURA U.F. DEL 03/01/2018 AL 01/02/2018 / FACTURA U
A 425	F/2022/5141	31/10/2022	4290,66	CO	B70178843	ANDAMIOS RENEYMAR, S.L.	TORRES ANDAMIO PARA SUPLEMENTAR ILUMINACION (13/12/21) (CAMPO FUTBOL AS EIROAS PARTIDO COPA FRAN DEL VALLE) / VALLAS P

A 499	F/2022/5142	30/11/2022	1139,75	CO	B70178843	ANDAMIOS RENEYMAR, S.L.	TIXEIRA DIESEL 12 (14/12/21-16/12/21) (PARTIDO COPA CAMPO FUTBOL AS EIROAS PEDIDO FRAN DEL VALLE 15/12/21) / BAÑO QUIM
1716	F/2022/5214	04/11/2022	24	CO	76368395T	CAAMAÑO PIAZZOLA JESUS MANUEL	REPARACIÓN VEHICULOS ANO 2021 7155JBP, 3789LGG - POLICIA LOCAL
0805482	F/2022/5282	30/09/2021	645,66	CO	52432134T	CANEDO CASTRO SANTIAGO	MATERIAL LIMPEZA CAMPO DE FÚTBOL O CARRAL, SOFÁN
0805594	F/2022/5283	15/12/2021	705,5	CO	52432134T	CANEDO CASTRO SANTIAGO	MATERIAL LIMPEZA CAMPO DE FÚTBOL O CARRAL, SOFÁN
A 092	F/2022/5138	15/03/2022	3.630,00	CO	B70178843	ANDAMIOS RENEYMAR S.L.	TORRE ILUMINACION 6 FOCOS (20/11-24/11) (FRAN DEL VALLE PROBAS ILUMINACION PARTIDO COPA)
A 500	F/2022/5227	07/12/2022	1.512,61	CO	B70178843	ANDAMIOS RENEYMAR S.L.	TIXEIRA DIESEL 15 (PARTIDO COPA CAMPO FUTBOS AS EIROAS PEDIDO FRAN DEL VALLE) / BRAZO ELECTRICO 11 (13/12-15/12) / SER
			21.406,28				

Andrés Eirís Barca, voceiro de TEGA, reitera os argumentos expostos en ocasións anteriores, máis se cabe cos contratos menores.

María del Carmen Vila Blanco, voceira do PSOE, sinala que aos provedores hai que pagarlles, pero tamén pedirlle que presenten as facturas en prazo.

Rubén Lorenzo Gómez, voceiro do PP, sinala que se absterán

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal con doce **(12)** votos a favor, dos representantes do grupo municipal do BNG (12), Evencio Ferrero Rodríguez, María Belén Lendoiro Esmoris, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^a Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez, e nove **(9)** abstencións, dos representantes dos grupos municipais do PP (4), José Antonio Domínguez Pallas, Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela, PSdeG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente número 04/2021 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ó orzamento de 2022 por importe de 21.406,28 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº de Factura	Nº de Entrada	Data Factura	Importe Total	Sit	Terceiro	Nome	Texto Explicativo
JM21/595	F/2022/2482	31/05/2021	21,83	CO	B15588130	JOSE MANUEL PEDROUZO S.L.	OBRA LOCAL SOCIAL CANCES SACO MORTERO 25 KG Y SCO COLA 25 KG ALB JMA21-1179 DEL 19/05 Y 1203 21/05
A 177	F/2022/2598	31/05/2022	1511,29	CO	B70178843	ANDAMIOS RENEYMAR, S.L.	VALLAS EXTERIORES (CAMPO FUTBOL AS EIROAS PARTIDO COPA DO REI RAYO VALLECANO)
00 22110007	F/2022/4724	07/11/2022	7924,98	CO	B15072713	CONSTRUCCION ES LOPEZ CAO S.L.	CENTRO SOCIAL ARDANA / FACTURA U.F. DEL 02/12/2017 AL 02/01/2018 / FACTURA U.F. DEL 03/01/2018 AL 01/02/2018 / FACTURA U
A 425	F/2022/5141	31/10/2022	4290,66	CO	B70178843	ANDAMIOS RENEYMAR, S.L.	TORRES ANDAMIO PARA SUPLEMENTAR ILUMINACION (13/12/21) (CAMPO FUTBOL AS EIROAS PARTIDO COPA FRAN DEL VALLE) / VALLAS P
A 499	F/2022/5142	30/11/2022	1139,75	CO	B70178843	ANDAMIOS RENEYMAR, S.L.	TIXEIRA DIESEL 12 (14/12/21-16/12/21) (PARTIDO COPA CAMPO FUTBOL AS EIROAS PEDIDO FRAN DEL VALLE 15/12/21) / BAÑO QUIM
1716	F/2022/5214	04/11/2022	24	CO	76368395T	CAAMAÑO PIAZZOLA JESUS MANUEL	REPARACIÓN VEHICULOS ANO 2021 7155JBP, 3789LGG - POLICIA LOCAL
0805482	F/2022/5282	30/09/2021	645,66	CO	52432134T	CANEDO CASTRO SANTIAGO	MATERIAL LIMPEZA CAMPO DE FÚTBOL O CARRAL, SOFÁN

0805594	F/2022/5283	15/12/2021	705,5	CO	52432134T	CANEDO CASTRO SANTIAGO	MATERIAL LIMPEZA CAMPO DE FÚTBOL O CARRAL, SOFÁN
A 092	F/2022/5138	15/03/2022	3.630,00	CO	B70178843	ANDAMIOS REYNEMAR S.L.	TORRE ILUMINACION 6 FOCOS (20/11-24/11) (FRAN DEL VALLE PROBAS ILUMINACION PARTIDO COPA)
A 500	F/2022/5227	07/12/2022	1.512,61	CO	B70178843	ANDAMIOS REYNEMAR S.L.	TIXEIRA DIESEL 15 (PARTIDO COPA CAMPO FUTBOS AS EIROAS PEDIDO FRAN DEL VALLE) / BRAZO ELECTRICO 11 (13/12-15/12) / SER
			21.406,28				

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes e ordear o seu pago.

5.- MODIFICACIÓN PUNTUAL N.º 7 DO PXOM DE CARBALLO. ALIÑACIÓNS EN QUINTELA E A BARREIRA. APROBACIÓN PROVISIONAL (CIPUM DE 20/12/2022)

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Planificación Urbana e Mobilidade do 20/12/2022, punto 2 da orde do día, relativo á proposta da concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación do 15/12/2022, contida no expediente 2020/U032/000001, cuido texto íntegro se transcribe:

ASUNTO: Modificación Puntual N° 7 do PXOM de Carballo. Aliñacións en Quintela e A Barreira. Aprobación provisional.
EXPTE. 2020/U032/000001
PROMOTOR: Concello de Carballo
REX. ENTRADA: 202299900005491 de data 14/12/2022
REDACTORES: Beatriz Aneiros Filgueira (arq. col. 2137 COAG) e Álvaro Fernández Carballada (arq. col. 1047 COAG) como integrantes da sociedade *Fernández Carballada y Asociados, S.L.P.*

A modificación puntual N° 7 do PXOM de Carballo, consistente na alteración das aliñacións de dous tramos varios correspondentes aos lugares de Quintela (parroquia de Artes) e A Barreira (parroquia de Carballo), foi aprobada inicialmente polo Pleno municipal do 28/03/2022 e tramitada conforme ao previsto nos artigos 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 144 do regulamento que desenvolve esta lei (RLSGL - Decreto 143/2016, do 22 de setembro).

O equipo redactor, despois do trámite de información pública e da emisión dos informes sectoriais preceptivos, presentou o 14/12/2022, núm. de rexistro de entrada 202299900005491, o documento da modificación puntual N° 7 para aprobación provisional, no que introducen os seguintes cambios, segundo o exposto no informe técnico-xurídico municipal de data 15/12/2022:

MEMORIA XUSTIFICATIVA - PARTE I. INFORMACIÓN: Introdúcese un apartado novo 1.2.3. titulado "Trámite de aprobación inicial" referido basicamente ao resultado e incidencia do proceso de información pública; informes sectoriais e alegacións.

MEMORIA XUSTIFICATIVA - PARTE II. XUSTIFICACIÓN: Modifícase o apartado 4 referente á "Normativa para o desenvolvemento da modificación" para explicar a alteración producida na definición ou concepto de "aliñación regular", explicado con anterioridade.

O resto dos documentos amosan o mesmo contido que na MP aprobada inicialmente, agás no referente á denominación dalgunhas carpetas e arquivos co fin de adaptalos á nomenclatura das NNTTPP. A estrutura de carpetas que conforman a documentación da MP é a que se relaciona a continuación:

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000012

00. INDEX	15019_MP07PXOM_202212_AP_00INDEX	Índice xeral do documento.
------------------	----------------------------------	-----------------------------------

01.MX		Memoria xustificativa
	15019_MP07PXOM_202212_AP_MX_01INF	Parte I . Información.
	15019_MP07PXOM_202202_AP_MX_02XUS	Parte II. Xustificación.
	15019_MP07PXOM_202212_AP_MX_03ANX 1_P SX	Anexo I. Memoria xustificativa de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.
	15019_MP07PXOM_202212_AP_MX_03ANX 2_SEC	Anexo II. Informe xustificativo da norm. sect. aplicable
	15019_MP07PXOM_202212_AP_MX_03ANX3 -SINTESE_NP	Anexo III. Anexo síntese - Non procede
	15019_MP07PXOM_202212_AP_MX_03ANX 4_VIXENCIA	Anexo IV. Ficha de vixencia de planeamento.
02.EMR_NP	15019_MP07PXOM_202212_AP_EMR_NP	Estudo do medio rural - Non procede
03.AMAP_NP	15019_MP07PXOM_202212_AP_AMAP_NP	Análise do modelo de asentamento poboacional - Non procede
04.MOB_NP	15019_MP07PXOM_202212_AP_MOB_NP	Análise da mobilidade - Non procede
05.PINF		Planos de información
	15019_MP07PXOM_202212_AP_PINF_00IND	Índice dos planos de información.
	15019_MP07PXOM_202212_AP_PINF_01ORD_1	Situación do núcleo de Quintela - A Barreira. Ordenación vixente.
	15019_MP07PXOM_202212_AP_PINF_01ORD_2	
	15019_MP07PXOM_202212_AP_PINF_02CA TASTRO_1	Catastro núcleo de Quintela - núcleo de A Barreira
	15019_MP07PXOM_202212_AP_PINF_02CA TASTRO_2	
	15019_MP07PXOM_202212_AP_PINF_03PB A_1	Plan Básico Autonómico. Núcleo de Quintela - Núcleo de A Barreira
	15019_MP07PXOM_202212_AP_PINF_03PB A_2	
	15019_MP07PXOM_202212_AP_PINF_04ORTO_1	Situación dos ámbitos da modificación puntual na ortofoto - Quintela / A Barreira.
	15019_MP07PXOM_202212_AP_PINF_04ORTO_2	
06.PORD		Planos de ordenación urbanística
	15019_MP07PXOM_202212_AP_PORD_00IND	Índice dos planos de ordenación.
	15019_MP07PXOM_202212_AP_PORD_01ANALISE_1	Análise da ordenación proposta. Núcleo de Quintela / Núcleo de A Barreira.
	15019_MP07PXOM_202212_AP_PORD_01ANALISE_2	
	15019_MP07PXOM_202212_AP_PORD_02ORD_1	Planos de ordenación de substitución do PXOM vixente.
	15019_MP07PXOM_202202_AP_PORD_02ORD_2	
07.NU		Normas urbanísticas
	15019_MP07PXOM_202212_AP_NU	Normativa urbanística.
08.CAT_NP	15019_MP07PXOM_202212_AP_CAT_NP	Catálogo - Non procede
09.EE_NP	15019_MP07PXOM_202212_AP_EE_NP	Estratexia de actuación, est. económico, inf. sustent. económica e memoria de viab. económ.- Non procede
10.AAE		Documentación procedemento de avaliación ambiental estratéxica
	15019_MP07PXOM_202212_AP_AAE_01DAE	Documento ambiental estratéxico

	15019_MP07PXOM_202212_AP_AAE_02ORD	Situación dos ámbitos da MP. Ordenación vixente
	15019_MP07PXOM_202212_AP_AAE_03ANÁLISIS_1	Análise da ordenación proposta. Núcleos de Quintela / Artes.
	15019_MP07PXOM_202212_AP_AAE_04ANÁLISIS_2	
	15019_MP07PXOM_202212_AP_AAE_05IAE	Informe ambiental estratéxico
11.ORDET_NP	15019_MP07PXOM_202212_AP_ORDET_NP	Documentación dos ámbitos de planeamento con ordenación detallada - Non procede

Nesta fase de tramitación, e conforme ao que establece o artigo 60.13 da LSG e 144.13 do RLSG, tendo por cumpridos os trámites preceptivos, corresponde ao órgano municipal competente resolver sobre a aprobación provisional do documento da MP N°7 do PXOM de Carballo, e remitir o expediente completo á consellería competente en materia de urbanismo.

A estes efectos, de conformidade co disposto no artigo 22.2.c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde ao Pleno do concello adoptar o acordo de aprobación provisional da modificación puntual do PXOM.

A aprobación definitiva corresponderá á persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo conforme ao previsto no artigo 61.1. da LSG.

Andrés Eirís Barca, voceiro de TEGA, móstrase a favor e matiza que tamén hai que ter a mesma sensibilidade en outros ámbitos en situación análoga.

María del Carmen Vila Blanco, voceira do PSOE, a favor do asunto destacando o PXOM como documento vivo que é.

Rubén Lorenzo Gómez, voceiro do PP, móstrase a favor

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal, por unanimidade dos seus membros **(21)**, polo grupo municipal do BNG (12) Evencio Ferrero Rodríguez, María Belén Lendoiro Esmoris, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Cotelo, M^a Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PP (4), José Antonio Domínguez Pallas, Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PSDG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e polo grupo municipal de TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación puntual N° 7 do PXOM de Carballo, *aliñacións en Quintela e A Barreira*, segundo a documentación técnica redactada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (colexiada número 2137 COAG) e Álvaro Fernández Carballada (colexiada número 1047 COAG), presentada o 14 de decembro de 2022, núm. de rexistro de entrada 202299900005491.

Segunda.- Dar traslado do expediente completo dilixenciado á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo aos efectos do previsto no artigo 60.13 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e de continuar o procedemento para a aprobación definitiva da modificación puntual N° 7 do PXOM de Carballo.

***.- FÓRA DA ORDE DO DÍA, de conformidade co establecido no artigo 91.4 e 97.3 do R.D. 2568/1986 que aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais (ROF) e tendo en conta o artigo 81.1.a) do mesmo texto, por unanimidade dos**

seus membros (21), acorda aprobar a urxencia e posterior consideración nesta sesión deste asunto enumerado co epígrafe FOD.1.

FOD.- Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Carballo para a execución e financiación das obras de melloras na estrada DP-1901 Carballo-Sísamo, FASE III e ulterior cesión das obras e da estrada ao concello de Carballo.

Por resolución da alcaldía 1362/2021 do 8 de xuño, solicitouse a transferencia da titularidade da estrada provincial que une o núcleo de Carballo con Sísamo que transcorre na súa maior parte por solo urbano consolidado.

Esta resolución foi ratificada en sesión ordinaria do pleno municipal do concello de Carballo do 28 de xuño de 2021

O 22 de decembro de 2022 foi asinado o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Carballo para a execución e financiación das obras de melloras na estrada DP-1901 Carballo-Sísamo, FASE III e ulterior cesión das obras e da estrada ao concello de Carballo.

O sr alcalde sinala que foron remitidas a proposta e o informe de secretaría na tarde de hoxe e se comunicou xa na reunión cos voceiros.

Andrés Eirís Barca, voceiro de TEGA, sinala que foi todo moi rápido pero móstrase a favor.

María del Carmen Vila Blanco, voceira do PSOE, sinala que foi precipitado pero era a única maneira que entrase neste ano, algo que veñen reivindicando os veciños dende hai tempo e no que a Deputación fixo un esforzo importante xunto ao Concello .

Rubén Lorenzo Gómez, voceiro do PP, móstrase a favor

Xosé Regueira Varela, voceiro do BNG, agradece a parroquia de Sísamo a paciencia e agarda non haxa contratempo ningún.

Evencio Ferrero Rodríguez, Presidente da sesión, reconece o traballo realizado por tres persoas, o sr Regueira, Jose M Pequeño e o sr Presidente da Deputación que fixeron posible este proxecto. Pide desculpas pola urxencia, pero o resultado ben o merece.

Sometido o asunto a votación, o Pleno Municipal, por unanimidade dos seus membros (21), polo grupo municipal do BNG (12) Evencio Ferrero Rodríguez, María Belén Lendoiro Esmorís, Milagros Lantes Seara, Juan Manuel Seoane Collazo, Marcos José Trigo Facal, Xosé Regueira Varela, María del Carmen Ures García, Maruxa Suárez Coteló, M^a Mar Eirís Villar, Iván Andrade Tasende, Miguel Ángel Vales Mallo, e Luis María Lamas Álvarez; polo grupo municipal do PP (4), José Antonio Domínguez Pallas, Rubén Lorenzo Gómez, Paula Nogueira Costa e María Beatriz Neira Varela; polo grupo municipal do PSdG-PSOE (3), María Carmen Vila Blanco, Valentín Costa Trillo e César Fernando Varela Novo, e polo grupo municipal de TEGA (2), José Bello Pallas e Andrés Eirís Barca, acorda:

Primeiro.- Aceptar a delegación da Deputación da Coruña para a contratación das obras incluídas no proxecto "Melloras na estrada DP-1901 Carballo a Sísamo, Fase III" Pk 0+802,50 a Pk 2+670.

A delegación comprende a contratación das obras con arranxo aos pregos tipos da Deputación, a adxudicación por procedemento aberto e a formalización dos contratos, a tramitación das correspondentes certificacións de obras, a codirección das obras e o exercicio das prerrogativas

inherente a contratación, a extinción do contrato e demais facultades correspondentes á contratación das obras.

Segundo.- Aprobar o convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Carballo para a execución e financiación das obras de melloras na estrada DP-1901 Carballo-Sísamo, FASE III e ulterior cesión das obras e da estrada ao concello de Carballo, cuio texto se transcribe como Anexo I.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia para o seu xeral coñecemento.

ANEXO I

MANIFESTAN

O tramo da Estrada Provincial DP-1901, experimenta unha alta densidade de tráfico e precisa obras de ampliación e mellora da estrada, tanto nos firmes e pavimento como no mobiliario urbano para mellorar a seguridade viaria así como para dotar aos terreos da urbanización necesaria, para mellorar a calidade dos servizos a prestar aos cidadáns.

O Concello de Carballo, en coordinación coa Deputación, redactou o proxecto de “Melloras na estrada DP -1901 Carballo a Sísamo, Fase III”

As obras consistirán na vialidade e servizos necesarios para dotar aos terreos da urbanización necesaria, é dicir: Abastecemento de auga, saneamento (fecais), saneamento (pluviais), infraestrutura de enerxía eléctrica (Media e Baixa Tensión), alumeadado público, rede de Telecomunicacións (Telefonía e Cable), dotación de firmes e pavimentos, mobiliario urbán.

O 29 de novembro de 2022, o Servizo de Vías e Obras presenta informe favorable sobre a viabilidade desta proposta, a efectos da súa inclusión na décima fase do Plan de Vías Provinciais 2022 polo que respecta ás obras provinciais.

A execución das obras incluídas no proxecto precisan a tramitación do correspondente expediente de expropiación, como trámite previo á contratación das mesmas.

A Deputación Provincial e o Concello de Carballo consideran necesario coordinar a súas actuacións para executar as obras incluídas en dito proxecto, pois desta maneira poderíanse executar simultaneamente as obras de competencia provincial e as obras de competencia municipal relativas aos servizos, optimizando custos, simplificando a execución e reducindo os tempos de execución, tramitándose a cesión da titularidade da estrada ao Concello de Carballo para o seu ulterior mantemento e conservación.

Por todo o exposto, as partes:

A C O R D A N

Formalizar o presente Convenio de Cooperación conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto **coordinar as actuacións** entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo con CIF P1501900C, para a execución da obra “Melloras na estrada DP -1901 Carballo a Sísamo, Fase III” Pk 0+802,50 a Pk2+670 redactado por Jose Manuel Facal Fariña e David Viña Villar en data novembro 2022, e ulterior cesión da estrada DP 1901 ao Concello de Carballo.

II.- PROXECTO E PERMISOS

A Deputación da Coruña tramitará a inclusión do proxecto no Plan de Vías Provinciais 2022 décima fase polo que respecta ás obras de titularidade provincial.

O Concello de Carballo aprobará igualmente o proxecto polo que respecta ás obras de titularidade municipal.

O Concello de Carballo tramitará as correspondentes autorizacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, Augas de Galicia e demais que correspondan.

III.- EXPROPIACIÓNS

Unha vez aprobado o proxecto e tendo en conta que o proxecto contempla actuacións que conlevan a expropiación de terreos, ao non existir disponibilidad, a Deputación tramitará o correspondente expediente de expropiación e aboará os xustiprezos que procedan, unha vez aprobado definitivamente o Plan de Vías Provinciais décima fase, onde se inclúe este proxecto.

IV.- CAMBIO DA TITULARIDADE DA ESTRADA

A Deputación comprométese a tramitar o cambio de titularidade da estrada DP1901 a favor do Concello de Carballo unha vez executadas as obras.

Así mesmo, o Concello de Carballo comprométese a tramitar a aceptación da cesión da citada estrada.

Os acordos de cesión por parte da Deputación e aceptación da estrada por parte do Concello de Carballo xurdirán efecto unha vez que a Xunta de Galicia aprobe a devandita transferencia e se formalice a correspondente acta de entrega, que conlevará a baixa no inventario da Deputación e no catálogo provincial de estradas.

V.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS

V.1. Delegación da Contratación

A Deputación da Coruña comprométese a tramitar a delegación da contratación das obras incluídas no proxecto de “Melloras na estrada DP 1901 Carballo a Sísamo, Fase III” Pk 0+802,50 a Pk 2+670 no concello de Carballo simultaneamente á aprobación do proxecto.

O concello de Carballo comprométese a tramitar a aceptación da delegación para contratar.

V.2. Prego de cláusulas administrativas

O Concello de Carballo, unha vez aprobado polo órgano competente e formalizado o presente convenio, e conte cos terreos e as autorizacións pertinentes, contratará, mediante procedemento aberto e con arranxo aos pregos tipo da Deputación Provincial da Coruña, a execución das obras incluídas no proxecto, á fin de que a súa execución se realice de maneira coordinada e así optimizar custos, simplificar a súa execución e reducir tempos de execución.

V.3. Comité de expertos

No caso do procedemento de contratación esixa a constitución de comité de expertos para emitir o informe sobre os criterios de adxudicación avaliábeis mediante xuízo de valor formará parte un técnico designado pola Deputación.

V.4. Adxudicación e formalización

O Concello de Carballo notificará á Deputación a adxudicación e formalización do contrato nun prazo de cinco días hábiles, a contar dende cada un dos actos.

VI.- CODIRECCIÓN DAS OBRAS

A codirección das obras corresponderá por unha parte ao Concello de Carballo, ben mediante medios propios ou mediante o correspondente contrato de servizos de dirección, e aboará no seu caso os gastos que correspondan.

Por outra parte a codirección por parte da Deputación se realizará polo Servizo de Vías e Obras, non xerando polo tanto gastos neste concepto.

VII.- SEGURIDADE E SAÚDE

A Deputación, dentro do contrato de coordinación de seguridade e saúde vixente, adxudicará os servizos de seguridade e saúde e aboará os gastos que correspondan que unha vez aprobada a certificación final das obrase se repercutirán ao Concello de Carballo na parte proporcional en base á porcentaxe que se indica na cláusula XI apartado III

A Deputación, no prazo máximo de 5 días hábiles a contar dende a adxudicación notificará ao Concello de Carballo a adxudicación deste contrato.

No entanto, o Concello de Carballo aprobará o correspondente plan de seguridade e saúde, previo informe do coordinador.

VIII.- CONTROL DE CALIDADE

A Deputación, dentro do contrato de coordinación do control de calidade vixente, adjudicará os servizos de control de calidade e aborará os gastos que correspondan que unha vez aprobada a certificación final das obras se repercutirán ao Concello de Carballo na parte proporcional en base á porcentaxe que se indica na cláusula XI apartado III.

A Deputación, no prazo máximo de 5 días hábiles a contar dende a adjudicación notificará ao Concello de Carballo a adjudicación deste contrato.

IX.- INICIO DAS OBRAS E COMPROBACIÓN DO REPLANTEO

Ao acto de comprobación do replanteo asistirá un técnico designado pola Deputación Provincial da Coruña.

A estes efectos o Concello de Carballo notificará ao Servizo de Vías e Obras da Deputación a data de comprobación do replanteo con cinco días hábiles de antelación.

X.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

Os orzamento de execución da obra é o seguinte:

proxecto DP 1901 CARBALLO A SÍSAMO. MELLORAS NA ESTRADA, FASE III, cun importe total de 2.279.527,63 euros, que se desglosan nunha parte que será obxecto de financiación por parte da Deputación Provincial incluídose na Décima Parte do Plan de Vías Provinciais 2022, e os incluídos no proxecto de carácter municipal polo importe de 639.482,57 euros, con arraxo ao seguinte desglose:

Proxecto completo		Obra Deputación	Porcentaxe Deputación	Obra Concello	Porcentaxe Concello	
P.E.M.	1.583.115,24	1.138.999,28		444.115,96	P.E.M.	
G. Xerais	205.804,98	148.069,91		57.735,07	G. Xerais	
B. Industrial	94.986,91	68.339,95		26.646,96	B. Industrial	
Valor estimado	1.883.907,13	1.355.409,14		528.497,99	Valor estimado	
IVE	395.620,50	284.635,92		110.984,58	IVE	
Presup. Base licit.	2.279.527,63	1.640.045,06	71,95 %	639.482,57	28,05%	Presup. Base licit.

XI.- FINANCIAMENTO

XI.I.- Obras

- As obras obxecto de aprobación a incluír no Plan de Inversión en Vías Provinciais 2022 Décima Fase, e que serán **financiadas pola Deputación**, son as que se detallan a continuación.

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOS	FINANCIA	EXPROPIA
--------	--------------	----------	----------	----------	----------

			TO	CIÓN	CIÓNS
2022.1110.0012. 0	DP 1901 CARBALLO A SÍSAMO. MELLORAS NA ESTRADA, FASE III	CARBALLO	1.640.045,0 6 €	100% DEPUTACI ÓN	116.835,70 €

As obras que serán **financiadas polo Concello de Carballo** son as seguintes:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO
2022.7490.0002.0	SERVICIOS MUNICIPAIS INCLUIDOS NO PROXECTO DP 1901 CARBALLO A SÍSAMO. MELLORAS NA ESTRADA, FASE III	CARBALLO	639.482,57 €

OBRAS DE COMPETENCIA MUNICIPAL		
Capítulo	Concepto	Importe
3	Servizos urbanos municipais	424.757,16 €
6	Mobiliario Urbano e xardinería	16.124,28 €
10	Seguridade e saúde (parte proporcional 28,05%)	3.234,52 €
TOTAL PEM		444.115,96 €
Total Valor Estimado Obras municipais (sin IVA)		528.497,99 €
Total Presupuesto Licitación Obras municipais		639.482,57 €

Ambas partes fan constar que no capítulo 10 do proxecto: Estudio de seguridade e saúde está incluído no proxecto por importe de 11.531,28 €, do cal corresponde á Deputación o importe de 8.296,76 € e ao Concello de Carballo 3.234,52 €

XI.II.- Expropiacións

EXPROPIACION	FINANCIACIÓN	OBSERVACIÓNS
116.835,70 €	100% DEPUTACIÓN	Calquera incremento do xustiprezo previsto (valoracións complementarias, xurado de expropiación, contencioso, intereses...), será financiado pola Deputación.

XI.III.- Coordinación de seguridade e saúde e control de calidade:

A Deputación levará a cabo, mediante medios propios ou servizos externos, a coordinación de seguridade e saúde, e o control de calidade, e asumirá, no seu caso, os gastos que deste feito deriven, repercutindo ao Concello os importes pagados por este concepto no relativo á Obra Municipal e que a continuación se desagregan:

	Coordinación de Seguridade e Saúde	Control de Calidade	FINANCIACIÓN
Deputación da Coruña	9.339,83 €	22.780,07 €	71,95%
Concello de Carballo	3.641,71 €	8.882,23 €	28,05%

TOTAL	12.981,54 €	31.662,30 €	
-------	-------------	-------------	--

XI.IV.- Resumen financiamento Deputación:

CONCEPTO	IMPORTE	Porcentaxe de financiación
Expropiacións	116.835,70 €	100 %
Obras	1.640.045,06 €	
Coordinación de seguridade e saúde	9.339,83 €	71,95 %
Control de calidade	22.780,07 €	
Dirección de obra	Servizos técnicos Deputación	
TOTAL	1.789.000,66 €	

XI.V.- Resumen financiamento Concello de Carballo

CONCEPTO	IMPORTE	Porcentaxe de financiación
Expropiacións	0,00 €	0 %
Obras	639.482,57 €	
Coordinación de seguridade e saúde	3.641,71 €	28,05 %
Control de calidade	8.882,23 €	
Dirección de obra	Servizos técnicos concello ou medios externos	
TOTAL	652.006,51 €	

XI.VI.- Baixas

As baixas que puidese orixinar esta obra se aplicarán proporcionalmente a cada unha das institucións asinantes do presente convenio, en base ao coeficiente de financiación indicado nos apartados anteriores.

XI.VII.- Gasto plurianual

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentarias

O Concello de Carballo autoriza á Deputación a consultar os datos correspondentes á acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

XII.- PUBLICIDADE. SINALIZACIÓN:

O Concello de Carballo en todos os documentos e anuncios relacionados coa obra a que se refire o presente convenio fará constar que foi financiada pola Deputación Provincial, así como, o importe da financiación provincial.

Asimesmo, fará constar no correspondente cartel de obra, que se ubicará na estrada de forma visible, esta circunstancia

XIII.- PAGOS. CERTIFICACIÓNS DE OBRA. ABOAMENTO

XIII.I.- Certificacións de obra

As certificacións mensuais que emita o director de obra serán aprobadas polo órgano de contratación do concello de Carballo e abonadas polo devandito concello ao contratista dentro dos prazos establecidos na LCSP..

XIII.II.- Aboamento gastos seguridade e saúde e control de calidade.

A Deputación, dentro do contrato de coordinación de seguridade e saúde vixente, adjudicará os servizos de seguridade e saúde e aboará os gastos que correspondan que unha vez aprobada a certificación final das obras se repercutirán ao Concello de Carballo de acordo coa seguinte desagregación:

	Coordinación de Seguridade e Saúde	Control de Calidade	FINANCIACIÓN
Deputación da Coruña	9.339,83 €	22.780,07 €	71,95%
Concello de Carballo	3.641,71 €	8.882,23 €	28,05%
TOTAL	12.981,54 €	31.662,30 €	

XIV.- MODIFICACIÓNS:

As modificacións do contrato só se poderán realizar por razóns de interese público nos supostos previstos nos arts. 204, 205 e 242 da LCSP.

A estes efectos o órgano de contratación remitirá a Deputación o proxecto modificado a efectos da súa supervisión, detallando as modificacións que correspondan as obras de titularidade provincial e as modificacións que correspondan a obras de titularidade municipal.

O proxecto modificado será sometido a informe de Secretaría e Intervención dos dous organismos e aprobación no seu caso, dos órganos competentes de ambas entidades, requirindo a previa existencia de crédito adecuado e suficiente dos entes financiadores de acordo coa natureza das obras, que será abonada por cadanseu organismo en base ao porcentaxe de financiación indicado.

XV.- RECEPCIÓN DA OBRA:

O Concello de Carballo notificará cunha antelación de dez días como mínimo, a data prevista da acta de recepción para que poida asistir, ademais do codirector, un técnico da Deputación na súa condición de representante da Administración.

XVI.- CERTIFICACIÓN FINAL:

O Concello de Carballo aboará directamente ao contratista o importe correspondente a certificación final de obras.

Liquidación das achegas:

*** Obras**

A Deputación aboará ao concello de Carballo o importe da súa achega, unha vez emitida a certificación final, previa remisión á Deputación por parte do concello de Carballo das correspondentes certificacións e facturas.

*** Gastos de seguridade e saúde e control de calidade**

O concello de Carballo aboará á Deputación o importe dos seus gastos por estes conceptos, unha vez emitida a certificación final de obra, previa remisión por parte da Deputación ao concello de Carballo das correspondentes facturas.

XVII.- ACTA DE ENTREGA

A Deputación Provincial, unha vez formalizada a acta de recepción das obras de "Melloras na estrada DP -1901 Carballo a Sísamo, Fase III", e previa á aprobación por parte da Xunta da cesión da estrada, entregará ao Concello de Carballo as citadas obras e a estrada provincial DP1901, para a súa adscripción aos servizos de titularidade municipal, a cuxos efectos **formalizarase a correspondente acta de entrega**. A partir de dita entrega o Concello farase cargo dos gastos de conservación e mantemento das citadas obras e instalacións.

XVIII.- REVISIÓN DE PREZOS:

No suposto en que proceda a revisión excepcional de prezos o Concello de Carballo remitirá a Deputación a resolución de aprobación da revisión de prezos nos cinco días seguintes a súa aprobación á Deputación para que proceda a aboar ao contratista o coeficiente de financiación correspondente previa verificación de que se cumpren os requisitos indicados na normativa de revisión de prezos e existencia de crédito adecuado e suficiente.

XIX.- CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA ESTRADA

O Concello de Carballo asumirá os gastos de conservación e mantemento da estrada a contar dende a formalización da acta de entrega.

XXI.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para coordinar as actuacións derivadas da execución e aplicación do presente convenio constituirase unha comisión de seguimento formada por dous representantes por cada unha das institucións asinantes do presente convenio designados polos seus respectivos presidentes.

XXII.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución o incumprimento grave das cláusulas previstas no presente convenio.

XXIII.- VIXENCIA

O presente Convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata a finalización das obras e a formalización da acta de entrega da obra ao Concello, e en todo caso, ata o 31 de outubro de 2025. Non obstante, dito prazo poderá prorrogarse por causas xustificadas e en especial tendo en conta o prazo de execución da obra. Todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

XXIV.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa sendo competencia da xurisdicción contencioso-administrativa a resolución dos conflitos que poidan xurdir no cumprimento e execución do presente convenio.

No no previsto no presente convenio, será de aplicación supletoria a Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada 22 de decembro de 2022

6.- SEGUIMIENTO DE ÓRGANOS DE GOBERNO:

6.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

O Pleno municipal queda enterado das resolucións da alcaldía ditadas entre o día 24/11/2022, número 3536, e o día 21/12/2022, número 3873

6.2.- ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Pleno municipal queda enterado dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, segundo o seguinte detalle:

Sesión	Tipo	Data
24/2022	Ordinaria	21/11/2022
25/2022	Ordinaria	05/12/2022

6.3.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:55 horas a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu como secretario dou fe.